

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 4 DE DECEMBRO DE 1995.-**

Na Casa do 1º Iltmo. Concello de Ribadavia o día catro de Decembro de mil novecentos noventa e cinco; ás sete do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias e Don Celso Sotelo Barroso.- Non asiste Don Amando Martínez Deaño.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi celebrada o pasado día 27 de Novembro pasado.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIDADANS.-

Visto o escrito de Don Ambrosio Lorenzo Rodríguez, veciño de San Esteban de Novoa no Concello de Carballeda de Avia, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca da súa propiedade sita na Estrada de Francelos, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos do Concello, que di: "O solar corresponde á parcela 04 e non a 02 que foi a informada con anterioridade ó non dispoñerse de plano ou croquis de

situación.- "14.1.- ORDENANZA RC: RESIDENCIAL CERRADA.- DEFINICION.- Espacio, en ordenación cerrada, con patios interiores, de uso xeneralmente de vivenda en plantas altas e de varios usos na baixa. En planta soto só se permitirá o uso de garaxe-aparcamento ou como almacén anexo ó uso comercial na planta baixa.- AMBITO TERRITORIAL.- O sinalado no plano P-4. Aliñacións, rasantes e ordenación.- NORMAS DE USO.- USOS ADMITIDOS.- residencial: Vivenda colectiva ou unifamiliar entre medianerías.- Industrial: Categoría 1ª.- Comercial: Tódolos graos.- Dotacional: Primeiro grao.- NORMAS DE VOLUME.- CONDICIONS DE POSICION.- Aliñacións e rasantes: as de planeamento.- CONDICIONS DE PARCELACION.- Solar mínimo: 60 m²; fronte mínima: 6 m.- Poderán admitirse menores dimensións por xustificada imposibilidade física derivada do parcelario.- CONDICIONS DE EDIFICACION.- A altura e plantas permitidas, así como o fondo de edificación son as seguintes:

| <u>Ancho da rúa</u> | <u>Altura de cornisa</u> | <u>Nº de plantas</u> | <u>Fondo edific.</u> |
|---------------------|--------------------------|----------------------|----------------------|
| Menos 10 | 10 | 3 | 14 |
| De 10 a 12 | 13,50 | 4 | 20 |

O espacio interior do polígono trazando parcelas ás aliñacións exteriores á distancia sinalada como fondo de edificación será considerada como patio de mazá. Permítese aproveitamento baixo cuberta habitable sen computar a efectos de edificabilidade. A planta soto poderá ocupa-lo patio de mazá".

Visto o escrito de Don José Luís Raña Cuña, veciño de Francelos, no que interesa prórroga de licencia de obras concedida para construír unha dependencia para usos agrícolas por este mesmo órgano na súa sesión celebrada o 5 de Novembro de 1995; esta Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado, tendo en conta que, debera cumprilas condicións sinaladas naquela data.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, ten coñecemento das seguintes:

Do Goberno Civil, sobre denuncias por infracción de horario de cerramento de varios establecementos públicos desta Vila.

Do Goberno Civil, comunicando incoación establecementos públicos expedientes: 605/95, 606/95, 607/95, 608/95, 609/95.

Do Goberno Civil, Circular 7/95 relativa á organización de

Espectáculos e Actividades Recreativas nas vindeiras festas navideñas.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder unha gratificación de 15.750 pesetas a Don José Ramón Pazos Cruz, pola realización de traballos extraordinarios.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento de 17.049 pesetas a Don Nemesio Fernández soto veciño da Franqueirán por danos ocasionados na súa propiedade pola empresa encargada de facer reparacións na Estrada.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura correspondente ó mes de Novembro presentada polo Sr. Asesor Urbanístico do Concello de acordo co convenio de colaboración entre este Concello e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Delegación de Ourense), por importe de 99.000 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda personarse no xuízo de cognición 223/95 , así como tamén nomear Abogado defensor deste Concello no mesmo a Don José Luís Casas Amil.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.

E sendo as sete e media do serán da noite, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.-